



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DA CONVOCATORIA DE 5 AXUDAS DE MOBILIDADE DE ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 11 AO 15 DE XULLO DE 2022, ORGANIZADO POR ISM UNIVERSITY OF MANAGEMENT AND ECONOMICS EN VILNIUS (LITUANIA) NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 STAMP

Mediante Resolución Reitoral de 16 de maio de 2022 na que se regula a convocatoria do epígrafe, unha vez publicada a Resolución provisional de concesión,

ESTA REITORÍA RESOLVE

- Publicar a lista definitiva de axudas concedidas, indicadas no anexo I.
- Publicar a lista definitiva de agarda, indicadas no anexo II.

De conformidade co establecido nos apartado da 9 da referida convocatoria:

As persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar a concesión da axuda no **prazo de 5 días naturais desde a publicación da resolución definitiva de concesión**, a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica.

Na instancia xenérica indicarse na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade_OPI_proxecto Erasmus+ STAMP” e dirixida á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI), indicando o compromiso de permanecer matriculados/as durante o período que realiza a mobilidade.

Para a aceptación da bolsa presentarse una carta de aceptación. Así mesmo deberá aportar xunto coa aceptación da bolsa, unha copia do seu DNI e a ficha de perceptores cos seus datos bancarios.

De non presentar a aceptación nese prazo, entenderase que renuncian. As renuncias posteriores ás aceptacións deberán presentarse por escrito dirixido á Oficina de Proxectos Internacionais e a través da sede electrónica. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

Así mesmo as persoas beneficiarias deberán:

- cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación, e con todas as bases previstas nesta convocatoria.
- remitir á Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) a través da instancia xenérica (SXER) <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858> existente na sede electrónica, indicando na exposición de motivos como asunto “Bolsa mobilidade_OPI_proxecto Erasmus+ STAMP” a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estada:



CSV : GEN-ce87-20ec-f2e1-9ad1-3956-776f-3f41-ab85

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 23/06/2022 08:39 | NOTAS : F



1. Antes do inicio da estadia:

- Copia do itinerario de voo.
- Copia do seguro de viaxe realizado pola alumna/o que inclúa atención sanitaria, responsabilidade civil e repatriación ao longo de todo o período que comprenda a súa estadia.

2. Unha vez finalizada a estadia:

- Certificado orixinal de participación activa no proxecto STAMP pola universidade de destino sen emendas nin riscos.
- Tarxetas de embarque.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo na data de sinatura electrónica

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger



CSV : GEN-ce87-20ec-f2e1-9ad1-3956-776f-3f41-ab85

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 23/06/2022 08:39 | NOTAS : F

**ANEXO I**
LISTA DEFINITIVA DE CONCESIÓN

Nº ORDE	APELIDOS e NOME
1	Fernández Diz, Miguel
2	González Docampo, Iván
3	González Losada, Lucía
4	Currás Fernández, Edgar
5	Rodríguez Soto, Nuria

ANEXO II
LISTA DEFINITIVA DE AGARDA

Nº ORDE	APELIDOS e NOME
1	Vázquez Alonso, Patricia
2	Tejeira Diego, Lourdes

**CSV : GEN-ce87-20ec-f2e1-9ad1-3956-776f-3f41-ab85**Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 23/06/2022 08:39 | NOTAS : F